

PROPOSTA DE ADXUDICACIÓN DE COLUMBARIO NO CEMITERIO MUNICIPAL

Considerando que, mediante Decreto da alcaldía de 12 de setembro de 2013 (res 714/13), acordouse facer público que, finalizado o procedemento de concesión dos columbarios do cemiterio municipal, incoado mediante Decreto da alcaldía de 09/11/2012, quedaron libres os columbarios que se detallan no citado Decreto, cuxa adxudicación efectuarase coas formalidades previstas no prego de condicións aprobado mediante Resolución da alcaldía de 16 de novembro de 2012 (res 828/12) e no Regulamento do cemiterio municipal, coas particularidades que se detallan no capítulo VI do citado prego, a favor daquelas persoas que así o soliciten, atendéndose ao criterio relativo á orde de entrada no Rexistro xeral do concello de Teo.

Considerando que D.^a Tatiana Santos Veiga presentou con data de 13 de xullo de 2018 (rex. entrada nº 5.422), a correspondente solicitude dun columbario no cemiterio municipal.

Considerando que a solicitude presentada, xunto coa documentación que a acompaña, atópase correcta, procede realizar a proposta de adxudicación a favor da interesada, de conformidade co previsto na cláusula 19 do prego de condicións.

En virtude do exposto e no uso das facultades que me confire a normativa vixente, por medio da presente **PROPOPONSE** como adxudicataria dun columbario do cemiterio municipal a D.^a Tatiana Santos Veiga, con D.N.I. nº 44832270A, de acordo co solicitado con data de 13 de xullo de 2018 (rex. entrada nº 5.422), ascendendo a tarifa a abonar a 450 €.

O aboamento da tarifa e a presentación no Rexistro xeral do concello do xustificante correspondente, deberá ter lugar no prazo **de 10 días naturais contados a partir do día seguinte ao da notificación da presente** proposta.

No caso de que a interesada non realice o citado abono (ou non presente o xustificante) segundo o indicado, non se poderá efectuar a adxudicación ao seu favor.

No xustificante de aboamento deberá facerse constar o concepto polo que se paga (“CONCESIÓN DE COLUMBARIOS NO CEMITERIO MUNICIPAL DE TEO”) e o nome e apelidos da proposta como adxudicataria.

A presente proposta deberá ser obxecto de publicación na páxina web e no taboleiro de anuncios do concello.

Teo, a 13 de agosto de 2018.

O alcalde


CONCELLO DE TEO
Alcaldía

Rafael C. Sisto Edreira